

<b>Comunidade Autónoma / Departamento / Estado</b>	GALICIA
<b>Municipio</b>	MORAÑA
<b>Edificio</b>	Igrexa de San Martiño de Gargantás
<b>Dirección</b>	San Martiño, 7 36668
	42.566612 -8.588062
<b>Protección</b>	
<b>Descrición</b>	<p>Esta igrexa data dos séculos XII-XIII e posúe numerosos elementos propios do estilo arquitectónico románico, que se conservan a pesares de reformas feitas posteriormente. Presenta planta de cruz latina con capelas laterais e mantéñense a ábsida semicircular orixinal da nave e a parte do muro sur.</p> <p>A ábsida ábrese á nave na súa parte interior por un arco triunfal de medio punto sobre columnas de fuste liso e capiteis con decoración vexetal. No exterior conserva a ábsida semicircular primitiva con catro columnas adousadas con capiteis decorados, mentres no tramo central presenta un rosetón con celosía tallada en moldura redonda lisa con decoración xeométrica. O rosetón está flanqueado por dúas xanelas rematadas en arcos de medio punto con celosías e o rebordo da igrexa presenta unha ornamentación rica e variada.</p> <p>A fachada do templo é de estilo barroco, concretamente do século XVIII e conta cunha interesante porta de entrada alintelada e recercada con moldura plana.</p>
<b>Campás</b>	2 campás.
<b>Fotos</b>	2
<b>Toques actuais de campás</b>	
<b>Conservación, mantemento</b>	
<b>Propostas</b>	
<b>Autores da documentación</b>	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA
<b>Data</b>	15-10-2022

## Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	<a href="#">Maior.</a>	<a href="#">OCAMPO (ARCOS DA CONDESA)</a>	1932		
Espadana	<a href="#">Menor.</a>	<a href="#">OCAMPO (ARCOS DA CONDESA)</a>	1889		

Información completa: [Igrexa de San Martiño de Gargantás - MORAÑA \(GALICIA\)](#)

PDF (25-06-2026)